



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Mantemento e Apoio Loxístico Integrado		Código	730496213
Titulación	Mestrado Universitario en Enxeñaría Naval e Oceánica (plan 2018)			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Enxeñaría Naval e Industrial			
Coordinación	Fernandez Rodriguez, Angel	Correo electrónico	angel.fernandezr@udc.es	
Profesorado	Fernandez Rodriguez, Angel	Correo electrónico	angel.fernandezr@udc.es	
Web				
Descripción xeral	O Apoio Loxístico Integrado (ALI) foi desenvolvido polo Departamento de Defensa dos Estados Unidos no ano 1964. A partir de 1971 é un requisito obrigatorio nese país no proceso de adquisición de equipos militares. Existen varias definicións do ALI. A Sociedade de Enxeñaría Loxística defíneo como "O conxunto de actividades técnicas e de xestión, levadas a cabo ao longo do ciclo de vida programado dun sistema, cuxo obxectivo é asegurar que se tiveron en conta as consideracións do apoio loxístico no proceso de deseño, á vez que se planifican a identificación e obtención dos recursos necesarios para a súa operación e mantemento". A finalidade desta materia ofrecer os alumnos do Máster en INO a posibilidade de familiarizarse coa análise, planificación e xestión da loxística así como co plan de mantemento do buque e as súas consideracións económicas dentro da estrutura dos custos fixos de operación.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A6	A05 - Coñecemento dos mercados da construcción e reparación de buques e dos seus aspectos legais e económicos, para a súa aplicación aos correspondentes contratos e especificacións.
A17	A16 - Capacidad para desenvolver e xestionar a enxeñaría de apoio loxístico, mantemento e reparación de buques e artefactos.
B5	CB10 Que os estudiantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudiando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo.
B10	G05 Capacidad para deseñar e controlar os procesos de construcción, reparación, transformación, mantemento e inspección dos enxeños anteriores.
B12	G07 Capacidad de integración de sistemas marítimos complexos e de tradución en solucións viables.
B17	G12 Capacidad para a xestión da explotación de buques e artefactos marítimos, e da enxeñaría necesaria para a súa seguridade, operación, apoio loxístico e mantemento
C2	C1 Capacidad pra desenvrolar a actividade profesional nun entorno multilingue
C7	ABET (e) An ability to identify, formulate, and solve engineering problems.
C12	ABET (j) A knowledge of contemporary issues.
C13	ABET (k) An ability to use the techniques, skills, and modern engineering tools necessary for engineering practice.

Resultados da aprendizaxe				
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título	
Capacidade para desenvolver e xestionar a enxeñaría de apoio loxístico, mantemento e reparación de buques e artefactos			AP16	BM5
			BP5	CM7
			BP7	CM12
			BP12	CM13



Coñecemento da enxeñaría de sistemas aplicada á definición dun buque, artefacto ou plataforma marítima mediante a análise e optimización do seu ciclo de vida	AP5 BP5 BP7 BP12	BM5 CM7 CM12 CM13
---	---------------------------	----------------------------

Contidos	
Temas	Subtemas
OS TEMAS SEGUINTES DESENVOLVEN OS CONTIDOS DESCritos NA MEMORIA DE VERIFICACIÓN DO TÍTULO, QUE SON	Conceptos xerais. Planificación da loxística. A loxística no ciclo de vida dos sistemas. Xestión loxística. Análise do custo do ciclo de vida. O Apoio Loxístico na Armada. Tipos de mantemento. O plan de mantemento.
BLOQUE I: CONCEPTOS XERAIS	1.1 Introducción a materia 1.2 Planificación da loxística 1.3 A loxística no ciclo de vida dun sistema 1.4 Xestión loxística
BLOQUE II: ANÁLISIS DO COSTE DO CICLO DE VIDA	2.1 Coste do ciclo de vida dun producto 2.2 Estimación do custo do ciclo de vida
BLOQUE III: MANTEMENTO	3.1 Mecanismos de fallo e conceptos asociados 3.2 Tipos de mantemento 3.3 Plan de mantemento
BLOQUE IV: O APOIO LOXÍSTICO NA ARMADA	4.1 Concepto e fundamentos do ALI na Armada 4.2 Aplicacións loxísticas na xestión do material na Armada 4.3 Organización e tipos de mantemento na Armada 4.4 Aprovisionamento e almacenes externos na Armada

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A6 A17 B5 B10 B12 B17 C2 C7 C12 C13	30	30	60
Solución de problemas	A6 A17 B5 B10 B12 B17 C2 C7 C12 C13	10	15	25
Traballos tutelados	A6 A17 B5 B10 B12 B17 C2 C7 C12 C13	5	16	21
Estudo de casos	A6 A17 B5 B10 B12 B17 C2 C7 C12 C13	15	15	30
Proba obxectiva	A6 A17 B5 B10 B12 B17 C2 C7 C12 C13	4	0	4
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Explicación de conceptos teóricos e prácticos para que o alumno adquira as habilidades para o desenvolvemento da profesión
Solución de problemas	Técnica mediante a que ha de resolverse unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución



Traballos tutelados	Os alumnos realizarán traballos tutelados para obter: - Coñecemento da materia - Habilidades para o traballo en grupo - Habilidades para a profesión
Estudo de casos	Metodoloxía onde o alumno enfróntase ante a descripción dunha situación específica que expón un problema que ha de ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razonada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Proba obxectiva	Realización dunha proba na que o alumno reflecte os coñecementos adquiridos

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Informar o alumno sobre a forma e o fondo para a realización dos traballos propostos en clase, indicando as directrices básicas e aclarando as posibles dúbidas. Tutorías e consulta de dúbidas por correo electrónico.
Traballos tutelados	Permítense dispensa académica. Os alumnos que a soliciten deberan de poñer en contacto co profesor ao inicio do curso

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Traballos tutelados	A6 A17 B5 B10 B12 B17 C2 C7 C12 C13	Realización e entrega dos traballos prácticos propostos en clase. Terase en conta: - Estrutura do traballo. - Calidade da documentación. - Orixinalidade. - Presentación. - Exposición. - Referencias	25
Proba obxectiva	A6 A17 B5 B10 B12 B17 C2 C7 C12 C13	Realización dunha proba escrita na que o alumno reflecta os coñecementos adquiridos durante o curso	75

Observacións avaliación



Na 1^a oportunidade: A avaliación realizarase en función das Metodoloxías expostas. A cualificación das metodoloxías realizarase con notas sobre 10 e será condición necesaria para superar a avaliación da 1^a oportunidade: non ter ningunha nota inferior a 4 en ningunha das metodoloxías, ademais de ter unha asistencia ás actividades presenciais superior ao 80%.

Na 2^a oportunidade ou Alumnos con Dispensa

Académica: Realizarase

mediante unha proba selectiva presencial que engloba os contidos teóricos e prácticos desenvolvidos na materia.

Nota:

O alumnado con recoñecemento de dedicación

a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia comunicará ó inicio do curso a súa situación o profesor da materia, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudiantes de grao na UDC" (Art.3.b e 4.5) e as ?Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudios de grao e mestrado universitario (Art. 3 e 8b).

O alumnado nesta situación será avaliado

mediante unha proba obxectiva na mesma data que o resto de alumnos ou ben en data aprobada na Xunta de Escola. En calquera caso é condición necesaria para todos os alumnos a asistencia e superación das prácticas e traballos obligatorios da materia. A non superación dos mesmos impide presentarse ao exame final da materia durante o presente curso académico, tanto en primeira como en segunda oportunidade.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Benjamín Blanchard (1995). Ingeniería Logística. ISDEFE- Alberto Sols (2000). Fiabilidad, Mantenibilidad, Efectividad: un enfoque sistémico. Pontificia de Comillas- Benjamín Blanchard (1995). Ingeniería de Sistemas. ISDEFE- Rowland Freeman (1995). CALS (Adquisición y apoyo continuado durante el ciclo de vida. ISDEFE- González Fernández, Francisco Javier (2011). Teoría y práctica del mantenimiento industrial avanzado. Fundación Confemetal
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sostida e cumplir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol":

A entrega dos traballos que se realicen nesta materia realizarase exclusivamente a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.

Débese de facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías